CALENDARIO DAS REUNIÓNS DA PRIMEIRA AVALIACIÓN

Día 15 de decembro de 2010:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	4º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	4º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	3º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:00 h.	3º C Diver E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:00 a 19:40 h.	3º A E.S.O.	Aula Multimedia

Día 16 de decembro de 2010:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	2º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	2º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	1º B E.S.O.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10 h.	1º A E.S.O.	Aula Multimedia
de 19:10 a 19:50 h.	1º C E.S.O.	Aula Multimedia

Día 21 de decembro de 2010:

HORA	NIVEL/GRUPO	LUGAR
de 16:30 a 17:10 h.	1º A Bac.	Aula Multimedia
de 17:10 a 17:50 h.	1º B Bac.	Aula Multimedia
de 17:50 a 18:30 h.	2º A Bac.	Aula Multimedia
de 18:30 a 19:10 h.	2º B Bac.	Aula Multimedia

Aclaracións:

En beneficio de todos, prégase puntualidade.

O profesorado debe reflectir as notas da súa materia na aplicación XADEWEB, deste xeito o/a profesor/a titor/a poderá facer copias da actilla e entregalas na xunta de avaliación. Para facilitar a tarefa, débese facer antes das 24:00 horas do comezo das avaliacións.

As notas serán entregadas polo/a titor/a a partir das 14:00 horas do mércores 22 de decembro 2010.

Neste curso escolar a avaliación na Educación Secundaria de Adultos (E.S.A.) presenta algún cambio.

Neste sentido, a primeira avaliación dos módulos I e III celebrouse o día 25 de novembro de 2010. Despois do Nadal, a avaliación final ordinaria celebrarase o día 3 de febrero de 2010.

¡ BO NADAL !

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 4

Decembro - 2010

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R/ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
T. 982 440 551 - **F**. 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Información da Axenda 21 escolar

Como se cadra xa sabedes e segundo resolución do 26 de outubro de 2010 da Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, ao noso centro foille concedido un premio dentro da convocatoria de premios ao desenvolvemento da Axenda 21 escolar en Galicia en centros educativos de ensino público non universitario para o curso 2009-2010, en función das actividades desenvolvidas e da participación tanto de alumnado e profesorado nas mesmas:

http://a21.medioambiente.xunta.es/escolar/file/Resolucion%20DOG-Premios%20A21EG.pdf

Este galardón supón que para este curso noque estamos imos dispor dun presuposto de 1.000 € para seguirmos coa implantación do programa.

http://a21.medioambiente.xunta.es/escolar/

Axenda 21 escolar de Galicia

Asemade, fixéronnos chegar un certificado de agradecemento pola aportación na actividade "o alumnado é o protagonista" celebrada en maio do curso pasador en Pontevedra na que as nosas rapazas e rapaces tiveron unha destacada participación.

Deste xeito querémosvos animar a seguir colaborando nas actividades e facer propostas nas que a sostibilidade, a participación do alumnado e a cooperación sexan os eixos fundamentais.

Programa de actividades para a fin de trimestre.

Durante os vindeiros días 20, 21 e 22 terá lugar no noso IES o primeiro mercado solidario en colaboración coa ONG Save the children:

http://www.savethechildren.es/rastro.php

A idea é que os membros da comunidade educativa busquen entre as súas pertenzas aquelas que xa non utilicen e que pensen que alguén lle poida dar un segundo uso. Poden traelas ao centro e entregalas en dirección ou aos profesores responsables (Juan Vázquez e Paco Campos) para que o alumnado colaborador lles poña un prezo de xeito que durante eses días, na cafetaría, quen o desexe poida adquiririlas.

O diñeiro recadado será entregado á ONG para colaborar nos seus proxectos de axuda á infancia que, neste ano, irán destinados á Haití, país que, como sabedes, vén de sufrir varios episodios naturais que colapsaron o seu xa deficitario sistema sanitario e educativo.

La Solidaridad Salva Vidas
rastro solidario

Save the Children
Protegiendo a los niños desde 1919

Asemade, organizaremos unha carreira solidaria na que o alumnado participante recadará cartos entre os seus amigos e familiares que actuarán como patrocinadores do acontecemento. A cantidade recadada será destinada ao mesmo fin. Ao final da carreira, cada participante recibirá un diploma de agradecemento.

Tamén, e organizado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, está prevista a proxección dunha película para aqueles alumnos e membros da comunidade educativa interesados.

Por outra banda, o Departamento de Música, en colaboración co alumnado ten preparado un recital musical coas pezas que vén preparando durante o trimestre.